

.: GUÍA AXUDAS

SOCIAIS :.

ODS - COIA

OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS - COIA



INFORMACIÓN AO
SERVIZO DAS
PERSOAS!

:: Introducción

:: Consellos prácticos á hora de acudir a servizos sociais

:: Axudas sociais da Xunta de Galicia:

- _ RISGA
- _ Axudas Inclusión Social (AIS, antes nomeadas como AES)
- _ Modelo de alegación: aprobación por silencio administrativo

:: Axudas sociais do Concello de Vigo:

- _ Axudas de Emerxencia Municipais (AEM)
- _ Modelo de alegación: aprobación por silencio administrativo

:: Outras axudas

:: Directorio de servizos sociais: concello e Xunta

:: A ODS-Coia e as Asembleas polos Dereitos Sociais

:: Ferramentas para a transformación social:

- _ Renda Básica das iguais (RBis)
- _ Puntos de Información sobre Dereitos Sociais

:: Outros colectivos e webs

:: Glosario de siglas

As compas de Berri-Otxoak dino así: **Infórmate, reúnete con outras persoas e defende os dereitos sociais!**

O empobrecemento, o desemprego, a precariedade, as pensións de miseria, a cesta da compra que non para de subir, a vivenda entendida como un ben de consumo, colócanos fronte a serias dificultades para atender as necesidades máis básicas. Isto fai que moitas persoas nos vexamos en graves problemas para cubrir os mínimos para a vida: alimentación, vivenda, saúde . . .

Estas situacións estannos obrigando, a moitas de nós, a acudir aos chamados “servizos sociais” na procura de axuda, solución, ou, ás veces, dese milagre que precisamos para satisfacer as nosas necesidades básicas.

A realidade amosa que o que debería de ser un acceso seguro e transparente a un servizo público (como a sanidade ou a educación) convértese, de feito, nunha “carreira de obstáculos” onde desgraciadamente é preciso ir informada de antemán, coñecer os nosos dereitos, saber o que dicir e o que non se “permite” facer etc.

A continuación deixamos indicacións, consellos, pautas . . . que consideramos útiles para aquelas persoas que pensan acudir ou xa tiveron contacto co mundo dos servizos sociais.

Para nós esta guía é unha ferramenta máis coa que loitar polo dereito a unha vida digna para todas as persoas.

Coia, decembro 2014

.: CONSELLOS PRÁCTICOS Á HORA DE ACUDIR A SERVIZOS SOCIAIS :.

Moitas persoas acoden cada día a servizos sociais na procura de respostas aos problemas de falta/insuficiencia de recursos en que nos deixa o capitalismo. No canto de atoparnos dereitos, despáchasenos con atrancos burocráticos, con xuízos sobre as nosas vidas, con “non hai cartos”... Ante isto, achegamos unha serie de consellos para non nos sentirmos menosprezadas pola incapacidade, desidia e/ou complicidade co poder de quen se supón están a traballar para garantir o benestar da comunidade.

_ ESTÁS EXERCENDO O TEU DEREITO. POLÍTICOS OU TÉCNICOS NON CHE ESTÁN A FACER NINGÚN FAVOR.

_ O máis importante: **LEMBRA QUE NON ESTÁS SOA**, non deixes que miren a túa autoestima e acude ás entrevistas segura de ti mesma e do que queres. Non vaías soa, acude con algún familiar ou amiga que che poida reforzar.

_ A traballadora social é unha empregada que ten dar o visto e praxe (“valorar”) á túa solicitude. Desde logo ten superiores técnicos e políticos que lle marcan directrices e lle piden contas.

_ Antes de acudir á cita infórmate ben de que é o que vas solicitar e prepara a documentación que che van pedir. Isto vaiche aforrar tempo e darache seguridade á hora de realizar os trámites da túa solicitude. **QUE NON TE MAREEN COS PAPEIS OU CON INFORMACIÓNS CONTRADITORIAS.**

_ Pide que che dean por escrito toda a información que lles solicitas: a documentación que tes que presentar, o resgardo de entrega da axuda tramitada... e sobre todo se se negan a facer algún trámite ou che din que non che corresponde algunha axuda. Todo o que non consta por escrito non se pode reclamar. **E LEMBRA QUE É O SEU TRABALLO E NON SE PODEN NEGAR.**

_ NON tes por que dar detalles da túa vida privada que non tes por que acreditar. Por exemplo: tes mozo? tes pais ou fillos que che poidan axudar? Ti es independente e non tes por que depender de ingresos doutras persoas. A túa unidade familiar componse de ti e, no seu caso, das persoas que dependan dos teus ingresos e vivan contigo. Se non convives cos teus pais, fillos, mozo... non tes por que dar ningún detalle dos seus ingresos ou recursos. Expón obxectivamente a túa situación de falla de recursos pero non entres en detalles íntimos.

_ **TES QUE TER CLARO QUE DETRÁS DA TÚA SITUACIÓN HAI MOITOS RESPONSÁBEIS** (empresas, administracións públicas, políticos, bancos e banqueiros... que nos colocaron onde agora estamos). É unha reflexión falsa botar a culpa a outras persoas sen recursos (xitanas, veciñas, estranxeiras, etc.) de que nos mesmas non teñamos axudas sociais. Se as institucións públicas quixesen, solucionarían máis situacións difíciles, con maiores achegas económicas, con vivendas públicas... Non é un problema económico, senón un problema de vontade política, porque cartos públicos (de todas), “habelos hainos”.

_ A solicitude de axudas públicas está pensada como unha carreira de obstáculos para que abandones. Ármate de enerxía e insiste. Lembra que só denunciando somos capaces de facer mudar a maneira de pensar e de facer dos que toman as decisións nesta sociedade: a continua e insistente denuncia pública, amosa a nosa vontade de loitar polo dereito a unha vida digna e fai mudar as posturas das que nos gobernan.

1_ Que é a RISGA?

Unha prestación da Xunta de Galicia destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a alcanzar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral.

A contía media está ao redor dos 400 €/mes, aínda que varía en función do número de membros da unidade familiar e de se che conceden algún dos complementos. Polo momento só funciona o complemento engadido para persoas que residan en réxime de alugueiro, que debe pedirse expresamente cando solicitas a RISGA á traballadora social.

Se tes ingresos inferiores a 365 €/mes (que non sexan salario) cobrarás como RISGA a diferenza entre a contía deses ingresos e a contía da RISGA que che corresponda (RISGA diferencial).

A RISGA ten contraprestación, que se traduce na obriga de cumprir co proxecto de integración social que asinas cando a solicitas (Por exemplo: procura de emprego, coidados de saúde...).

2_ Onde se solicita?

Nos servizos sociais dos concellos ou por rexistro da Xunta, concello... Lembra que has de quedar sempre cunha copia selada que especifique a data de entrega.

A solicitude da RISGA inclúe ademais de datos obxectivos (ingresos, composición familiar, datos da vivenda...) unha valoración da traballadora social, a cal remitirá á Xunta un informe e unha proposta de proxecto de integración social.

3_ Cantos meses teño que agardar pola RISGA?

A Xunta ten un prazo máximo de dous meses para resolver e notificar a solicitude da RISGA, desde que recibe, da Traballadora Social do Concello, o teu expediente completo (artigo 37.1). Se non tes notificación nese prazo a túa RISGA está concedida por silencio administrativo (artigo 37.3), pero terás que pedir por escrito ese recoñecemento por pasar o prazo máximo, xa que a Xunta non o fai de oficio.

En Vigo a media de espera pola RISGA está nos 8/9 meses xa que aos atrasos do concello únense os da Xunta. En todo caso non dubides en solicitares a concesión por silencio logo dos 3 meses da entrega.

4_ Unha vez que se me conceda a RISGA, é para toda a vida?

NON. A concesión da RISGA faise por un ano, pero pódense obter prórrogas anuais indefinidamente, sempre que continúes cumprindo cos requisitos de acceso e cos topes de ingresos. Para concederche a prórroga, a Xunta comprobará se segues cumprindo as condicións que che dan dereito á RISGA (artigo 22 da Lei).

5_ Se traballo podó solicitar a RISGA?

NON. Se quen a solicita ten traballo -con contrato- aínda con salario inferior á contía da RISGA, fica sen dereito por non cumprir un dos criterios de acceso: estar en situación de desemprego.

6_ Se xa estou a percibir a RISGA, e atopo traballo, podó compatibilizalos?

SI. Se estás a cobrar a RISGA e atopas traballo, poden aplicarche o chamado “tramo de transición ao emprego” no que se che concede un complemento de ingresos ao teu salario, por tempo máximo de 7 meses.

Se o novo salario que tes é menor que a contía da RISGA que percibes, ese soldo non se desconta da RISGA, e pagarásese un complemento (até alcanzar un máximo de ingresos totais de 883,3€) que irá diminuíndo desde o 1º até o 7º mes. A partir do 7º mes valorarase se segues a percibir ese complemento.

Se o novo salario é máis alto que o que percibías da RISGA, se che concederá un complemento dese soldo até alcanzar un máximo de ingresos mensuais de 883,3€ que irá diminuíndo desde o 1º até o 7º mes. A partir do 7º mes, extingúese a RISGA definitivamente.

*Estes tramos non se aplicarán até que non aproben o decreto que desenvolva a Lei, polo momento sen data prevista.

7_ Se traballa algunha das persoas coas que convivo podemos cobrar a RISGA?

SI. Sempre e cando a persoa solicitante estea desempregada e a persoa que traballe o faga por un salario inferior á contía da RISGA que lle correspondería.

Exemplo: a parella da solicitante/titular da RISGA traballa por horas nunha empresa de limpeza polo que recibe 200€/mes; emprego que poden compatibilizar cunha RISGA diferencial de 473€ (RISGA para 2 persoas) da que lle descontan os 200€.

8_ Se cobro unha PNC, a RAI ou outra prestación podó percibir a RISGA?

NON, a non ser que esa prestación non supere os 365,9 €/mes.

A lei di que a RISGA será incompatíbel con calquera pensión ou prestación que supere os 365,9€/mes, tanto da solicitante como de calquera outro membro da unidade familiar.

Exemplo: perceptora de PNC de xubilación que vive cunha neta non ten dereito á RISGA.

Si é compatíbel con subsidios que non superen eses 365,9€/mes.

Temos o paradoxo de que un solicitante con semellantes ingresos ten dereito á RISGA se os ingresos veñen dunha prestación pero non se proceden dun emprego.

Exemplo: percibo subsidio parcial do INEM de 213€/mes, o cal é compatíbel cunha RISGA diferencial.

9_ Podó solicitar a RISGA antes de rematar unha prestación?

NON. Coñecemos denegacións de RISGA a persoas que estaban a percibir axudas no momento de presentar a solicitude; pois da interpretación do artigo 6.4., deducen que no momento de facer a solicitude non podemos ter ingresos.

Así moitas persoas, debido aos longos atrasos na tramitación da RISGA, solicitaban a RISGA mentres estaban a cobrar outras axudas. Era moi habitual que perceptoras da RAI (=426€ x 11 meses) iniciasen a tramitación da RISGA con varios meses de antelación a que finalizase aquela, para tratar de quedar ningún mes sen ingresos; o cal agora non é posible e polo tanto obrígnanos a agardar aínda máis meses pola RISGA.

10_ Se recorro unha denegación de RISGA, teño que agardar resposta da Xunta para iniciar unha nova solicitude?

NON. Podes presentar unha nova solicitude mentres agardas a que se resolva o recurso ou a que transcorra o prazo máximo para resolverse (3 meses). Se estiman o recurso, a nova solicitude quedará anulada. Se desestiman o recurso (ou transcorren os 3 meses sen resposta), a Xunta decidirá sobre esa nova solicitude.

11_ Se comparto vivenda con outra persoa que cobra RISGA, teño dereito a ela?

NON. A regra xeral é que só se concede unha RISGA por domicilio. Porén, hai situacións nas que se permite que dúas persoas que conviven na mesma vivenda perciban a RISGA: cando unha persoa con cargas familiares non compartidas (familias monoparentais) se ve na obriga de ser acollida na casa doutra familia independente. Ten que ser unha situación moi puntual e limitada no tempo (como máximo 6 meses), transcorrido o cal, revogarán a RISGA por pasar a formar parte definitivamente da unidade convivencial.

12_ Se son estranxeira, podo solicitar a RISGA?

SI, pero requiren que te atopes en situación de “residencia legal”.

Para persoas con nacionalidade de países da UE, esíxese a inscrición no Rexistro Xeral de Estranxeiros ou ben posuír a tarxeta de residencia comunitaria.

No caso do resto de estranxeiros, só se pode solicitar a RISGA se contas coa oportuna autorización para residir ou traballar (excepto refuxiados e con dereito a asilo).

13_ Poden denegarme a RISGA porque os meus pais teñen recursos?

SI. Non se concede a RISGA se a persoa que a solicita conta con familiares “con obriga de prestar alimentos” (ascendentes: pais e avós, e descendentes: fillos, netos).

Exemplo: se eu non teño ningún ingreso pero meu pai percibe unha pensión de xubilación, aínda que eu non viva con el, denéganme a RISGA porque meu pai ten a obriga de manterme (teña eu a idade que teña).

Porén, isto non se aplica cando se demostre que a persoa coa obriga de prestar alimentos queda nunha situación moi precaria no caso de prestalos ou existan malas relacións familiares.

14_ Podo solicitar outras axudas (AIS ou AEM) se cobro unha RISGA?

SI. A Xunta pode concederche unha Axuda de Inclusión Social (AIS) que son axudas puntuais para gastos extraordinarios ou urxentes, e que son compatíbeis coa RISGA.

Tamén podes acceder ás Axudas de Emerxencia Municipal (AEM), que o Concello destina ás persoas con escasos recursos.

15_ Se varían as miñas circunstancias mentres estou cobrando a RISGA, teño que comunicalo?

SI. Se tes algún cambio que inflúa no dereito a percibir a RISGA ou na súa contía (ingresos mensuais, número de membros na familia...), tes a obriga de comunicalo para que a Xunta adapte a contía da RISGA a esa nova situación. Se non o comunicas e a Xunta se decata do cambio, poden suspenderche ou incluso extinguirche o cobro da RISGA.

Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA

Delegación Provincial de _____ N° Expediente: _____

_____, maior de idade, con DNI _____,
e enderezo a efectos de notificación en _____,
ante esta Consellería, comparezo e, como mellor en dereito proceda,

EXPOÑO

Que por medio deste escrito veño a solicitar o recoñecemento e concesión da RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA, por silencio administrativo, ao amparo do disposto no 37.3 da Lei 10/2013 de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia; solicitude que baseo nas seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA. Que o ____/____/20__ presentei ante a Consellería de Benestar do Concello de Vigo, onde resido, **solicitude de recoñecemento e percepción da RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA**, en modelo oficial debidamente formalizado.

SEGUNDA. Que, en virtude de dita presentación, foi incoado o oportuno expediente administrativo polos Servizos Sociais da citada Administración Local, con referencia nº _____ e que foi remitido á Consellería á que me dirixo, con data ____/____/20__.

TERCEIRA. Malia o tempo transcorrido desde a data de presentación da solicitude, e da recepción do expediente, a día de hoxe, aínda **non recibín notificación ao respecto**, e non consta ningún tipo de resolución en dito procedemento administrativo.

CUARTA. Que dispón o **artigo 37 da lei 10/2013 de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia** que: *“o órgano competente de ámbito provincial da Administración Autónoma elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a **RESOLUCIÓN, QUE DEBERÁ SER NOTIFICADA NO PRAZO DE DOUS MESES DESDE A ENTRADA DA SOLICITUDE DA RISGA EN CALQUERA DOS REXISTROS DO ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER**”.*

(...)

*“3. **Entenderanse estimadas** aquelas solicitudes de concesión da RISGA en que **non se notificase resolución expresa no prazo de dous meses** desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para a resolución.”*

QUINTA. Que en aplicación da lexislación reguladora da RISGA, que se acaba de transcribir, **no caso que nos ocupa deberá de estimarse concedida dita Renda por silencio administrativo.**

Efectivamente, o meu expediente completo tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Benestar (competente para resolver) no día ____/____/20__, polo que, **o prazo máximo para notificar a resolución finalizou o ____/____/20__; data desde a cal, a miña RISGA debe considerarse concedida por silencio administrativo.**

E como vimos dicindo, ningunha resolución foi emitida por esta Consellería, incumprindo, por tanto o prazo máximo de resolución establecido no precepto indicado.

Portanto, a consecuencia legal e necesaria, ao amparo de dito precepto, ten que ser forzosamente, o recoñecemento por silencio administrativo do dereito a percibir a RISGA.

E isto débese a que esta parte presentou toda a documentación que lle foi requirida e que se esixe na lexislación transcrita aos efectos da tramitación e posterior recoñecemento da prestación interesada. **Polo que, a demora na tramitación do expediente non é atribuíbel en ningún caso a miña responsabilidade.**

Por todo o dito, en aplicación do disposto no artigo 43 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, e demais preceptos legais xa transcritos, a falta de resolución expresa en prazo ten como efecto a estimación da solicitude presentada por esta parte por silencio administrativo.

SEXTA. Que a todo o que até o momento se acaba de expoñer, deberá engadirse como argumento para a concesión cautelar (estimación por silencio) que se está solicitando, **a natureza e finalidade da Renda de Integración Social de Galicia**, que tal e como expón a Lei 10/2013, no seu artigo 6:

"A Renda de Inclusión Social de Galicia é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia."

O incumprimento de prazos e a inactividade da Administración resulta moito máis inaceptábel e, se cabe, ilegal, cando se producen en materia de servizos sociais, e dereitos básicos das persoas.

Non se pode admitir que por simples trámites burocráticos, ou atrasos inxustificadas, se estea a privar a unha persoa coma min, que se atopa nunha situación de emerxencia social, desprovista dunha fonte de ingresos e dun medio de vida que me permita garantir as miñas necesidades máis básicas, como o alimento, a vestimenta e a vivenda.

O simple atraso nun mes na concesión da RISGA supón colocarme nunha situación extrema, que se agrava co transcorrer dos meses.

Por isto, por medio do presente escrito esixo que esta Administración Autonómica, competente en materia de servizos sociais, cumpra e faga cumprir os principios reitores e a finalidade das normas que regulan este tipo de axudas económicas, e evite que os mesmos se queden en simples declaracións de intencións, así como que, por medio do cumprimento estrito da legalidade, presten asistencia efectiva e puntual ás persoas que a necesitamos.

Polo exposto,

SOLICITO

Que se admita este escrito presentado e, no seu oportuno mérito, teña por solicitado o recoñecemento do dereito a percibir a Renda de Integración Social de Galicia a nome de _____, por silencio administrativo, e tras os trámites que resulten oportunos, dite no seu día resolución pola que, con estimación das alegacións efectuadas, **ACORDE RECOÑECER O DEREITO A PERCEPCIÓN DA RISGA Á SOLICITANTE, POR SILENCIO ADMINISTRATIVO.**

Vigo, ____ de _____ de 20__

Asinado

1_ Que son Axudas Inclusión Social (AIS)?

Prestacións económicas non periódicas que concede a Xunta destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes: vinculadas ao uso da vivenda (rendas de alugueiro, cotas hipotecarias, obras de reforma, mobiliario básico), alimentación, vestido, enxoval doméstico e atención sanitaria non cuberta polo SERGAS.

2_ Quen pode solicitar unha AIS?

Calquera persoa que non poida cubrir as súas necesidades básicas, sempre que sexa maior de idade, estea empadroada en Galicia e teña ingresos por debaixo do 125% da RISGA que lle correspondería percibir, ben sexa salario ou prestacións.

3_ Onde se solicitan?

Nos servizos sociais dos concellos ou por rexistro da Xunta, do Concello... Lembra que has de quedar sempre cunha copia selada que especifique a data de entrega. Ademais dos requisitos obxectivos (padrón, ingresos, composición familiar, datos da vivenda...), a solicitude inclúe un informe coa valoración da traballadora social.

4_ Teño un prazo para solicitala?

NON. A convocatoria das axudas faise anualmente e o prazo está aberto durante todo o ano.

5_ Canto tempo teño que esperar para que ma concedan?

DOUS MESES. Teñen que notificarche a resolución no prazo máximo de dous meses desde que a solicitude entra na Xunta. Se nese prazo non recibes contestación, o silencio é negativo, polo que non tes outro remedio que agardar até que resolvan.

Na práctica as concesións das AIS están a demorarse por máis de oito meses.

6_ Podo pedir todas as axudas que precise?

NON. O artigo 48.5 da Lei establece que só tes dereito a unha axuda por ano para a mesma finalidade.

Mentres non teñamos o decreto, a disposición transitoria primeira da lei limita o acceso ás AIS tanto nas contías como no tempo.

7_ Son estranxeira. Podo solicitar a AIS?

SI. Requiren seis de meses de antigüidade no padrón independente de se estás en situación regular ou non.

1_ Quen pode solicitar unha AEM?

Calquera persoa que se atope en situación de “necesidade social”. Só se establecen como requisitos ser maior de idade e ter seis meses de antigüidade no padrón.

2_ Se teño ingresos podo percibir unha AEM?

SI. Soamente se require que te encontres nunha situación de necesidade. Non se establece o tope de ingresos que se pode percibir nin a orixe dos mesmos.

Exemplo: eu podo cobrar a RISGA, PNC,.. ou ter un traballo a media xornada, ou a xornada completa, pero percibindo un salario moi baixo, e ter dereito a estas axudas, se a miña situación non me permite satisfacer as miñas necesidades básicas ou as da miña familia.

Porén, aínda que as bases non establecen ningunha limitación, a día de hoxe, o Concello está a denegar axudas para alimentación se percibes un salario ou unha prestación periódica, como a RISGA.

3_ Para que podo pedila?

Para cubrir as túas necesidades básicas: gastos de aloxamento (alugueiro, cotas hipotecarias, pensións, débedas de comunidade, mobiliario de primeira necesidade), subministración (luz, gas, auga), alimentación básica, atención sanitaria non cuberta polo SERGAS e outros gastos persoais.

4_ Teño un prazo para solicitala?

NON. A convocatoria das axudas faise anualmente e o prazo está aberto durante todo o ano.

5_ Canto tempo teño que esperar para que ma concedan?

TRES MESES. As bases reguladoras non establecen o prazo máximo para que che paguen a axuda, polo que hai que aplicar o prazo máximo xeral dos procedementos coa Administración, que é de tres meses.

Porén, na práctica, o tempo de espera está a variar moito (desde unha semana a varios meses) dependendo de quen solicite a axuda, da súa situación ou de que Traballadora Social che leve o expediente.

6_ Se non me contestan, podo facer algo?

SI. Se non tes noticia despois de tres meses desde a solicitude, a túa axuda considérase concedida por silencio administrativo, polo que terás que solicitar por escrito ese recoñecemento.

Para isto, é imprescindible que no momento de presentar a axuda quedas cunha copia selada da solicitude en que conste a data de presentación. Ou ben, se é a traballadora social quen che tramita a solicitude, pídelle un xustificante onde conste a data e a axuda pedida.

A día de hoxe, o Concello non está a aboar esas axudas nas que se pasa o prazo máximo, polo que non terás máis remedio que acudir ao xulgado para esixir o seu pagamento.

7_ Teño que pasar si ou si pola Traballadora Social para solicitar a axuda?

NON. Existe un impreso normalizado para a solicitude das AEM, e as bases permiten que se poidan presentar no rexistro do Concello ou nas UTS.

Porén, todas as solicitudes (presentes onde as presentes) chegan á traballadora social de referencia, para que emita unha proposta de resolución que en última instancia resolve unha comisión que se reúne todas as semanas no concello.

8_ Podo pedir todas as axudas que precise?

NON. As bases limitan a contía total das axudas que se dan, de tal maneira que, segundo a finalidade, non se poden superar determinados límites mensuais e anuais.

Á CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO

Nº Expediente: _____

_____, maior de idade, con DNI _____,
e enderezo a efectos de notificación en _____,
de Vigo, perante este departamento municipal comparezo, e aos efectos oportunos,

EXPOÑO:

Que por medio deste escrito veño a solicitar **a concesión por silencio administrativo da AXUDA DE EMERXENCIA MUNICIPAL**, requirida por esta parte en data _____, no expediente nº 93112/301.

Solicitude que baseo nos seguintes

FEITOS

PRIMEIRO. Con data _____, presentei perante o Rexistro Xeral do Concello de Vigo, solicitude normalizada dunha Prestación Individual non periódica de Emerxencia Social para _____.

Achégase como Documento nº 1, a copia da referida solicitude.

SEGUNDO. Dito expediente atópase pendente de resolver, sen que, a día de hoxe, se me teña notificada resolución ningunha ao respecto.

TERCEIRO. Que a prestación solicitada se encontra regulada no **“MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2014”**, aprobado en Xunta de Goberno Local de 19/12/2.013.

Que ditas bases reguladoras, establecen, na base novena, que a *Concellería Delegada da Área Política de Benestar Social será a competente para resolver a aprobación ou denegación das axudas. Esta resolución será notificada regularmente aos interesados nos termos previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

Que nas bases non se establece o prazo máximo de resolución dos expedientes das axudas, polo que resulta de aplicación o disposto no **artigo 42.3 da citada Lei 30/92** que dispón:

“Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses.

Este prazo contarase:

- a) Nos procedementos iniciados de oficio, desde a data do acordo de iniciación.
- b) Nos iniciados á solicitude do interesado, desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.”

Así mesmo, o **artigo 43 da Lei 30/92** dispón que: “Nos procedementos iniciados á solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, ***O VENCEMENTO DO PRAZO MÁXIMO SEN TERSE NOTIFICADO RESOLUCIÓN EXPRESA LEXITIMA AO INTERESADO OU INTERESADOS QUE TIVISEN PRESENTADO A SOLICITUDE PARA ENTENDELA ESTIMADA POR SILENCIO ADMINISTRATIVO***”.

CUARTO. Que, en aplicación das normas transcritas, e transcorridos 3 meses sen se me notificar resolución ningunha sobre a miña solicitude, a mesma debe entenderse estimada por silencio administrativo, e, polo tanto, concedida a axuda para alimentación básica interesada.

Que, non pode admitirse que, nunha materia como o Benestar Social, o Concello de Vigo esgote os prazos máximos de resolución e atrase, así, a concesión das Axudas de Emerxencia Municipal que están destinadas a paliar a grave situación de empobrecemento e precariedade na que se ven obrigadas a vivir moitas das persoas desta cidade.

Na tramitación destas prestacións individuais, tan importante é a contía das mesmas como a celeridade na súa concesión, co fin de que poidan chegar a ser mecanismos eficaces para impedir graves situacións de urxencia vital.

Polo exposto,

SOLICITO:

Que se admita este escrito presentado e, no seu oportuno mérito, teña por solicitada a concesión por silencio administrativo da Axuda de Emerxencia Municipal presentada por esta parte no expediente de referencia, e tras os trámites oportunos, dite resolución pola que ACORDE conceder a axuda solicitada de forma inmediata.

Vigo, ____ de _____ de 20__

Asinado

_ PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS (PNC)

Pensión mensual cuxa contía é 365€ en catorce pagamentos. Tramítase na Xunta de Galicia e poden solicitala:

- Persoas maiores de 65 anos que non teñan cotizado, ou que cotizasen menos do necesario para acceder a unha pensión contributiva e que se atopen en situación de necesidade.
- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 65% e con ingresos inferiores aos da contía da PNC.

_ RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI) – (SEPE)

Prestación mensual de 426 € para persoas desempregadas que non teñan dereito á prestación nin ao subsidio e que non teñan rendas superiores a 483,98 € mensuais.

Requisitos xerais: estar desempregado, ter máis de 45 anos e levar inscrito un ano como demandante de empregos. Sen teren os 45 anos poden solicitala as vítimas de violencia machista e persoas con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Concédesse por un tempo máximo de once meses.

_ “AXUDA FAMILIAR” (Subsidio por desemprego) –(SEPE)

Prestación mensual (426 €) para desempregadas que esgoten a prestación por desemprego, que non teñan rendas superiores a 483,98 € mensuais e teñan cargas familiares.

Concédesse por seis meses, prorrogábeis por outros dous períodos de seis meses (xeral: máximo 18 meses e nalgúns casos 24 meses).

_ PROGRAMA PREPARA – (SEPE)

Prestación mensual de 399 € para persoas que non teñan ingresos superiores a 483 €/mes. Teñen que estar desempregadas, esgotar a prestación e o subsidio por desemprego, ter cargas familiares e parados de longa duración (máis de 12 dos últimos 18 meses).

_ EXENCIÓN DE PAGO DO CANON DA AUGA – Xunta de Galicia

Para familias con ingresos que non superen o IPREM (532.51 €) e que estean a cobrar unha PNC ou RISGA, ou se atopen en desemprego.

_ TARXETA SOCIAL DO VITRASA

Abono con rebaxa no prezo da viaxe para persoas que cobren subsidio por desemprego ou RISGA.

_ EXENCIÓN DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DE VIVENDAS

Preséntase no concello e o prazo está aberto os meses de outubro, novembro e decembro. Os solicitantes non poden superar, por persoa, os 3.934 € brutos anuais (6.155 € se son familias numerosas).

:: XUNTA DE GALICIA

As dependencias da Consellería de Benestar da Xunta en Vigo están no primeiro andar do edificio administrativo da rúa Concepción Areal, 8 (tel. 986 817 237). Se tes que entregar algún documento relacionado coa RISGA ou AIS, faino por rexistro; e se tes dúbidas sobre o estado da túa solicitude, consúltao no primeiro andar.

:: CONCELLO DE VIGO. Benestar Social

As dependencias centrais de Benestar Social do Concello de Vigo están no edificio do concello, tras o ascensor e no primeiro andar.

986 810 129 | email: ofi.bensocial@vigo.org

:: UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL (UTS)

Segundo o enderezo do nosos padrón temos asignada unha Unidade de Traballo Social (UTS), dependencias onde atenden as traballadoras sociais do Concello de Vigo. En Vigo hai varias UTS espalladas pola cidade:

UTS Coia | Litoral | Castrelos | Industria | Balaídos - Comesaña

Rúa Quintela nº 31, baixo.

986 298 118

UTS Casco Vello | Centro | O Castro | Areal Independencia

Praza da Princesa nº 7, baixo.

986 438 492

UTS Rivera Atienza | Lavadores | Calvario | Cabral Candeán

Avenida E. Martínez Garrido nº 21, interior.

Teléfono: 986 280 301

UTS Teis | Travesía

Rúa Doutor Corbal nº 21, baixo.

986 273 606

UTS Sur

Praza do Rei nº 2

986 810 288

Podes consultar a Unidade de Traballo Social (UTS) que che corresponde nesta ligazón:
<http://hoxe.vigo.org/pdf/social/rueiro3.pdf>

A Renda Básica das iguais (RBis)

Definimos a Renda Básica das iguais como o dereito que ten cada persoa, polo feito de nacer, a percibir unha cantidade periódica para cubrir as súas necesidades materiais.

Unhas letras de Manolo S. Bayona, compa de Baladre, servirán de achegamento á RBis.

Os modelos de renda básica que chamamos “febles” poden ser facilmente incorporados aos valores do sistema, como un elemento máis da asistencia social, alén de conter contradicións e portas falsas. Así, desde Baladre propoñemos unha ferramenta para a transformación do sistema capitalista: a Renda Básica das Iguais (RBis).

Se é o propio modelo o que produce e necesita a pobreza e a exclusión social, temos que afondar en espazos de autonomía que nos leven cara a un horizonte de sociedade diferente. Desde Baladre entendemos a RBis non como un fin en si mesma, senón como un instrumento fundamental que nos axude a romper os mecanismos de explotación. Por unha parte, deixar de estar atados á escravitude do salario para satisfacer as necesidades materiais fundamentais.; por outra, construír outras relacións sociais á marxe da lóxica do produtivismo e o consumismo, en que o valor do traballo sexa social e non individual. Finalmente, afondar na liberdade real das persoas, xa que asegura a base material para poder gozar de todos os demais dereitos humanos.

As características instrumentais e políticas que definen a RBis fronte aos modelos febles son:

- .: Individual: a persoa coma suxeito de dereito en igualdade, non a familia.
- .: Universal: para todas, sen motivos de exclusión, independente da situación persoal.
- .: Incondicional: isto é, non suxeita a contrapartidas nin laborais nin de ingresos.
- .: Equitativa: a contía será igual para todas as persoas, como mínimo, o equivalente ao limiar da pobreza (50% da renda per cápita).
- .: Refundición das prestacións actuais (ingresos de inserción, subsidios de desemprego ou agrarios, pensións...)

.: Fondo social: unha porcentaxe da RBis individual iría constituír un Fondo de Renda Básica para mellorar os bens colectivos. Todas as persoas terían o dereito a participar e decidir como se asignan as partidas.

.: Desde a base social: a RBis nace cunha idea fundamental de mobilización desde as persoas e movementos sociais, de abaixo a arriba (Iglesias Fernández, 2003).

Así pois, esta proposta será válida en tanto nos sirva para artellar procesos sociais antagónicos, que vaian construíndo aquí e agora os retallos de algo novo, máis xusto e igualitario para todas.

Porque entendemos que vivir con dignidade é un dereito fundamental que non se pode acadar sen eliminar de raíz as profundas desigualdades que nos oprimen, mais que tampouco pode chegar se as persoas non nos facemos protagonistas da nosa propia emancipación.



Por outro lado, as oficinas ou puntos de información pretenden achegar á xente a información sobre os recursos e as axudas sociais á xente, sempre partindo de que son un dereito, ao igual que o son a educación ou a saúde. Romper a idea de “culpabilización individual” que socialmente se lles presenta e devolvela desde a lóxica da inxustiza social.

As oficinas e puntos de información sobre dereitos poden ter unha dobre función: por unha banda, ofrecer información de utilidade ás persoas que buscan unha axuda, en clave colectiva; e por outra banda, permite conectar coa realidade que vive moita xente e de que maneira se está dando resposta desde os servizos sociais e os seus actuais recursos para a inclusión social.

Este é o aspecto que permite xerar o paso seguinte e que nos parece que é o outro punto forte das oficinas, o de xerar mobilización social a través da visualización e a denuncia. Facer visíbeis as situacións inxustas e denunciar que son insuficientes as respostas que se dan se queremos camiñar cara á xustiza social.

Esta visualización e denuncia, articuladas en campañas polos dereitos sociais ou pola redistribución da riqueza, son as que empurran a pasar das RMis como instrumentos de cohesión e control social á RBis como ferramenta para o cambio social.

Iniciativas deste tipo que xurdiron e que están a traballar neste liña na actualidade serían: en Barakaldo, a oficina do colectivo “Berri-Otxoak” que leva funcionando desde novembro de 1997; en Málaga, no barrio de Palma Palmilla, localízase o punto de información “Encontraste”; en Xixón atópase a Oficina de Información sobre dereitos e recursos sociais “La Espiral”; na Orotava (Tenerife), desde “La Casa”, a Asemblea Canaria pola redistribución da riqueza; ou nas distintas oficinas en diversos lugares de Cataluña e tamén persoas de Zambra en Cuenca. Son iniciativas que desde realidades e contextos concretos e particulares (ciudades, vilas, barrios ou comarcas) propoñen a mobilización cara á Renda Básica das Iguais desde a esixencia dos dereitos a uns ingresos suficientes.

.: A OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS DE COIA E AS ASEMBLEAS POLOS DEREITOS SOCIAIS :.

Comezamos a nosa andaina a finais de 2007, cando o despacho da traballadora social que viña funcionando na **parroquia do Cristo da Vitoria de Coia** se transformou en punto de información sobre dereitos sociais. Tras esta mudanza estaban as vivencias e reflexións de anos de loitas veciñais, de vida comunitaria, de contacto coa dor provocada polos diferentes poderes, de relacións con grupos/persoas opostos ao capitalismo...

A nosa referencia nos comezos foi o traballo da xente de **Berri-Otxoak**, primeiro punto no Estado español e, por suposto de **Baladre**, coordinación de loitas contra o paro, o empobrecemento e a exclusión social. Na nosa cidade as compañeiras do **Grupo de Axitación Social (G.A.S.)** e o apoio da comunidade do Cristo da Vitoria foron claves para chegarmos a este momento de tanta actividade compartida.

Tentamos ofrecer información alternativa sobre axudas sociais, denunciar e visualizar a dor inflixida e artellar loitas/resistencias desde abaixo por medio do apoio mutuo.

As tardes dos luns estamos en Coia para intercambiar información coas persoas que se achegan, nunha lóxica que procura sermos máis fortes á hora de defender as nosas vidas e uns dereitos acosadísimos. Ademais da información sobre dereitos sociais, contamos cun espazo específico de asesoría xurídica. Varias compas avogadas resolven dúbidas e artellan resistencias desde o Dereito.

Estas tarefas fiadas coas campañas de denuncia, charlas, presenza na rede... foron nas que estivemos até máis ou menos finais de 2012. A partir desa data a ODS-Coia comeza a diluírse nunha dinámica asemblearia desde a cal loitar polos dereitos sociais de todas, coa Renda Básica das iguais coma un das súas bandeiras máis recoñecíbeis.

O PUNTO (Información e asesoría xurídica)

LUNS de 17.00 a 19.00

Nos locais da parroquia do Cristo da Vitoria (Baiona 9 b en Coia, VIGO)

ASEMBLEAS POLOS DEREITOS SOCIAIS

MARTES cada 15 días a partir das 17.00

Nos locais da parroquia do Cristo da Vitoria (Baiona 9 b en Coia, VIGO)

CONTACTO

web: odscoia.arkipelagos.net

email: odscoia@riseup.net

twitter: @odscoia

teléfonos: 696 618 732 - 679 758 663

.:GALIZA

Comunidade “Cristo da Victoria” Coia ::

www.comunidadebasecoia.org

Grupo Axitación Social (GAS) ::

grupodeaxitacionsocial.blogspot.com

Colectivo IMÁN ::

<https://es-la.facebook.com/autoaxudaimanvigo>

Plataforma de Afectados pola Hipoteca de Vigo-Tui e Baixo Miño ::

<https://stopdesahuciosbm.wordpress.com>

.: OUTROS

Argilan ::

www.argilan-esk.org

Asamblea Canaria por el Reparto de la Riqueza ::

www.asambleacanariaporelrepartodelariqueza.org

Asociación contra a Exclusión ALAMBIQUE ::

www.asociacionalambique.blogspot.com

Baladre ::

www.coordinacionbaladre.org

Berri Otxoak ::

www.nodo50.org/berri_otxoak

Renda Básica das Iguais - Baladre ::

rentabasicadelasiguales.coordinacionbaladre.org

Renda Básica das Iguais por José Iglesias ::

www.rentabasica.net

Seminari d´economia critica Taifa ::

seminaritaifa.org

Zambra ::

asociacionzambra.blogspot.com

glosario

AEM: Axudas de Emerxencia Municipal

AES: Axudas de Emerxencia Social

AIS: Axudas de Inclusión Social

IPREM: Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples

ODS: Oficina de Dereitos Sociais

PNC: Prestacións Non Contributivas

RAI: Renda Activa de Inserción

RBis: Renda Básica das iguais

RISGA: Renda de Integración Social de Galicia

SEPE: Servizo Público de Emprego Estatal

SERGAS: Servizo Galego de Saúde

UE: Unión Europea

UTS: Unidades de Traballo Social